

Na Aula Dixital de Botóns  
([www.botons.eu](http://www.botons.eu))



Coa colaboración de:



# OS TRES ERRES: REDUCCIÓN, REUTILIZACIÓN E RECICLAXE





# Os tres erres REDUCCIÓN, REUTILIZACIÓN E RECICLAJE

RE-fíxate ben no que che RE-digo: a letra clave de hoxe é o 'R'. Imos falar dos “tres erres”. A regra dos 3R. Os 3R da ecoloxía. A idea foi popularizada no seu momento polo colectivo ecoloxista Greenpeace. E como boa idea que era, estendeuse por todo o mundo.

A iniciativa parte da convicción de que para coidar o planeta Terra hai que aproveitar os seus recursos con sentidiño: cun enfoque xusto e ético, de forma sustentable. E para esa tarefa, a clave dos 3R é fantástica. Tres erres que fan referencia a tres palabras fundamentais:

# R

EDUCIR  
EUTILIZAR  
ECICLAR



# educir

ten que ver con introducir cambios nas nosas condutas diarias co obxectivo de xerar menor volume de residuos. Non só contribuímos a reducir cantidade de residuos, tamén minguamos o consumo xeral de materiais, de auga, enerxía e diminuímos a emisión de contaminación.

Reducir implica facerse preguntas como estas:

De verdade precisas iso que estás a piques de mercar?  
E iso que vas mercar... onde e como o fabricaron?

Foi producido nun proceso non contaminante,  
elaborárono de xeito sustentable?

Usaron materiais reciclables para facelo?

Canto me vai durar?

Contaminará moito cando me desfaga del?

E non haberá algún produto alternativo con  
menos envoltorios ou con envoltorios reciclables?





# reutilizar

ten que ver coa idea de darlle o máximo uso a un produto antes de botalo á caldeiro do lixo. **E LEM-BRA:** un produto pódese reutilizar coa mesma fin coa que foi deseñado pero... moitas veces tamén é posible reutilizalo con outras finalidades.

Reutilizar implica facerse preguntas como estas:

Canto me vai durar este produto e cantas veces poderei usalo e RE-usalo?  
Poderei reparalo se é necesario?

A min, que son unha persoa creativa, que outros xeitos de usar este produto se me ocorren?

Cando eu xa non o necesite... poderei regalarllo a alguén para que lle siga dando uso?





# eciclar

é o último “erre” do que botamos man cando xa non podemos facelo dos dous anteriores.  
Logo de que un produto deixe de ser reutilizable, a idea é devolvelo ao ciclo produtivo: que os residuos que xera poidan ser materia prima para elaborar novo produto logo dun proceso de manipulación e transformación.

Reciclar implica facerse preguntas como estas:

Tirar ao lixo algo non é o mesmo que enviar para reciclar, son consciente diso?  
Que tipo de produtos son reciclables?

Como podo axudar aos procesos de reciclaxe? Separamos ben os residuos que xeramos na casa ou na escola?





Aquí che deixamos algunhas ideas prácticas co obxectivo de **REDUCIR**:

**Cando vajas mercar fíxate no envoltorio e embalaxe dos produtos: Son preferibles aqueles que usan o vidro ou o papel no canto dos que usan plástico**

**Debéramos optar por envases retornábeis e evitar os envases non reciclables**

**Evita os que leven excesivos envoltorios**

**As bolsas de plástico crean moitos problemas para o medio ambiente. Acostúmate a levar unha boa bolsa de tela ou unha cesta cando vajas á tenda**

**Os tecidos de orixe natural como son a la, o liño ou o algodón son doados de reciclar e non tan contaminantes como os sintéticos**

**Na cociña da casa usades panos de papel? Mellor trapos de cociña!**

**E trata de usar menos auga en todas as tarefas que a precisen!**

**Tes que facer unha fotocopia ou imprimir un documento? Usa os dous lados do papel**


**Non teñades os electrodomésticos acendidos cando non os usedes, apagade as luces cando non sexan necesarias e usade lámpadas de baixo consumo**

**Mellor unha calculadora solar e un reloxo automático que calquera aparello similar a pilas.**

**Recorda que cando mercas produtos que foron elaborados perto de onde vives, gastouse menos en transporte e embalaxes para traelo deica ti**

**O transporte público sempre é unha opción máis sustentable. E non sexas preguiçeiro: se podes ir en bicicleta ou a pé, moito mellor!**





Tamén temos algunhas ideas concretas co obxectivo de **REUTILIZAR:**

**Antes de nada, subliñemos isto: hai que tirar só aquilo que sexa imposible de reutilizar, reciclar ou doar a alguén**

**Por exemplo, a roupa que deixaches de usar, pode serlle de utilidade a outra xente. Podes regalarlla a amigos e parentes. E tamén hai colectivos e ONGs que a recollen. E se está xa moi vella, hai outras posibilidades: facer trapos para a cociña, para lavar a bici, para disfraces, etc. Seguro que téis un feixe de ideas**

**Merca produtos de segunda man**

**Os restos de alimentos poden ser reutilizados para alimento de animais domésticos. Se ti non tes, se cadra algún veciño estará contento de que colabores coa súa mascota**

**Ademais, a materia orgánica tamén pode reconverterse en eficaz fertilizante para o noso xardín ou a nosa horta persoal**

**Papeis e cartóns que ían cara ao lixo seguro que poden volver usarse para algo. E en última instancia, acórdate de envialos para reciclaxe!**

**Para que usar vasos de plástico desbotables co que presta ter unha cunca propia e se cadra personalizada! E do mesmo xeito, mellor un prato de louza que un de plástico**



E velaí algunhas cousas a lembrar á hora de **RECICLAR**:

Lembra que cada residuo ten que ir a un colector específico. Sabemos que xa os coñeces, pero ás veces a xente esquece algúns detalles.



Un bolígrafo de mina recambiable? Moito mellor que un de usar e tirar!  
No colector amarelo depositáanse envases de plástico, latas e bricks. Pero ollo! Non botes aló plásticos que non sexan envases como pode ser un xoguete, un enchufe, unha cinta de vídeo, etc



No colector azul é onde se deposita o papel e o cartón. Pero non botes papel que estea suxo de graxa, papel de calco nin tampouco os típicos bricks de leite ou zume



No iglú verde bótanse as botellas, frascos e tarros de vidro. Pero recorda non tirar aí as tapas dos botes, os tapóns e vidros especiais como os de lámpadas, pantallas ou espellos.



O colector xenérico é para restos de alimentos e materiais non reciclables (cueiros, compresas, servilletas de papel,...).



Nalgúns lugares tamén hai pequenos colectores para pilas.



Finalmente, nos concellos existen os chamados Puntos limpos. Aló levamos residuos voluminosos (mobs), electrodomésticos, residuos de pequenas obras caseiras e residuos perigosos do fogar (como vernices e insecticidas)











Por último, recorda que a compostaxe caseira é unha boa opción para reciclar materia orgánica nos propios fogares, obtendo abono natural para plantas, horta e xardín



# SABIAS QUE...



-  ...Cada galego produce aproximadamente 1,2 kg de desperdicios por día, e a cifra segue medrando velozmente e dificultando a xestión dos residuos
-  ...Un terzo do lixo doméstico está formado por envases e envoltorios que na súa maioría son dun só uso
-  ...A enerxía das pilas costa até 450 veces máis que a que subministra a rede eléctrica
-  ...Unha billa que perde aínda que sexa a pingas acaba sendo un desbalde grande de auga. Hai que vixiar que funcionen correctamente
-  ...A maioría do leite e zumes que se consumen hoxe en día veñen no tipo de envase coñecido como tetra brik. Ollo! O brik está composto por cartón (75%), pero tamén por plástico (20%) e aluminio (5%). Por este motivo, non vai ao colector de cartón, senón ao amarelo. Malia a dificultade de separar eses materiais, a nivel estatal hoxe xa se recicla arredor do 45% dos briks.
-  ...Xapón foi pioneiro, en 2002, na introdución da iniciativa dos “tres erres” a través de campañas diversas de concienciación entre a cidadanía e administración
-  ...Hai quen fala tamén da lei dos 4 erres ou mesmo dos 5 erres. Outros “erres”? Por exemplo, REXEITAR (Deixar de mercar produtos que non serven para nada ou rexeitar os que veñen con demasiados envoltorios). Ou RECUPERAR (Coa idea de modificar a conduta de consumo habitual e non desfacer nos dun produto ante calquera problema ou pequena avaría: aproveitar e reparar para recuperar sempre é mellor que tirar)
-  ...Na túa man está a clave dun planeta máis sustentable: un consumo responsable e boas prácticas ambientais na túa vida diaria teñen un impacto moi positivo en favor desa sustentabilidade

Sogama recupera en forma de enerxía eléctrica os residuos que non se poden reciclar



## PARA AFONDAR NO TEMA...

Sogama - Educación ambiental

<http://www.sogama.es/gl/info/campanas-programas-e-cursos>

Sogama en Facebook

<http://www.facebook.com/educacionambientalsogama>

Sogama en twitter

<http://twitter.com/#!/EASogama>

Sogama en Tuenti

<http://www.tuenti.com/educacionmedioambientalsogama>

-RRR.com

<http://www.rrr.com.es/>

-Reutilizar.com

<http://www.reutilizar.com/>

-Bitácora – Reciclaxe Escolar

<http://reciclajescolar.blogspot.com/>

-Reciclar é de sabios – Mural coloreable para descarga

<http://www.actiludis.com/?p=19489>

-Basurillas

<http://www.basurillas.org/>



-Reciclar na casa

[http://escuelas.consumer.es/web/es/aprender\\_a\\_aprender/tarea14/2.php](http://escuelas.consumer.es/web/es/aprender_a_aprender/tarea14/2.php)

-The Three R's of the Environment

<http://www.factmonster.com/ipka/A0775891.html>

-O Xogo dos 3 R

<http://www.fundacion-biodiversidad.es/minisites/2009/biodiver/para-ninys/juegos/reciclaje/reciclaje.htm>

-Reduce, Reuse, and Recycle

<http://kids.niehs.nih.gov/recycle.htm>

## VÍDEOS

-A canción “Reducir, reciclar, reutilizar”

[http://www.youtube.com/watch?v=gKB\\_7MUPxT4](http://www.youtube.com/watch?v=gKB_7MUPxT4)

-O Rap dos 3R

<http://www.youtube.com/watch?v=4qrMfM2bgPM>

-Reciclaxe artesanal de papel

<http://www.youtube.com/watch?v=ynJT9oi6p1A>

-Que o lixo non te ataque!

<http://www.youtube.com/watch?v=lkF5NKLM9UQ>





# SUXESTIÓN DE ACTIVIDADES PARA DOCENTES E FAMILIAS

1. Axudámoslles aos rapaces fan unha lista de ideas para a nosa vida diaria sobre como aplicar a regra dos 3 R's.  
O obxectivo: tomar conciencia de todas as pequenas cousas que é doado que fagamos cada un de nós en prol do medio ambiente
2. Cada cativo fai unha lista de cinco obxectos e intercámbiaa cun compañeiro. Cada un deles imaxina formas de reutilizar ese obxecto
3. Reciclamos papel de xeito artesanal con utensilios caseiros
4. Os rapaces fan bonecos con material diverso (cartóns, botellas, corchos, etc). Elabórase entre todos unha pequena historia na que participan os personaxes creados